



Concello de Lugo

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

Ref: Xuventude

Asunto: Bases concurso balcóns, ventás e fachadas

## BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN E EMBELECEMENTO DE BALCÓNS, VENTÁS E FACHADAS ARDE LVCVS

### OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é a realización dun concurso de decoración e embelecemento de balcóns, ventás e fachadas integrados na temática do Arde Lvcvs, co que o Concello pretende pór en valor ditos compoñentes como elementos vivos e decorativos de Lugo, ademais de dinamizar a participación activa da veciñanza, coa finalidade de contribuír a manter o espírito nas rúas ao longo das datas nas que se celebraría o Arde Lucvs e á mellora da estética da cidade.

### CARACTERÍSTICAS

O alcance deste certame será toda a cidade de Lugo, incluíndo o casco histórico e os barrios e o tema a desenvolver xirará única e exclusivamente ao redor do ambiente do Arde Lvcvs.

As decoracións deberán estar visibles dende a vía pública e os balcóns, ventás e fachadas terán que ser exhibidos do 18 ao 28 de xuño, ambos os dous incluídos.

As e os participantes poderán executar as súas obras axustándose a calquera dos tres elementos, sen causar molestias á cidadanía nin ningún perigo para as persoas, vehículos ou bens. Non se poderá realizar voo de vías públicas nin ocupación de rúas ou beirarrúas.

### REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poden presentarse a este certame todos aqueles veciños e veciñas, maiores de idade, propietarios ou arrendatarios de inmobles, que dispoñan de balcóns, fachadas ou ventás que reúnan as condicións mínimas, citadas no apartado anterior, para ser decorados con materiais que recreen a época romana e/ou castrexa. Tamén poderán participar comunidades de veciños/as.

Quedan excluídos do presente concurso os balcóns, ventás ou fachadas pertencentes a edificios públicos ou oficiais; así como establecementos comerciais ou hostaleiros.

### PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo para solicitar a participación neste certame será dende a presentación das bases ata o 12 de xuño a través do enderezo electrónico [xuventude@lugo.gal](mailto:xuventude@lugo.gal), no que se deberá indicar en asunto o nome do concurso e achegar no mail nome, apelidos e DNI da persoa participante, xunto ao enderezo do balcón/ventá/fachada a decorar e un teléfono de contacto. A inscrición é gratuíta.

As presentes bases serán publicadas na páxina web do Concello de Lugo e na do Arde Lvcvs para a súa difusión, así como nas redes sociais da institución e dos festexos.

### XURADO CALIFICADOR

Estará composto por persoas cualificadas na materia, que valorarán, previa visita, a superficie decorada, a dificultade, a orixinalidade na ornamentación, a variedade, a colocación de elementos accesorios, o uso de materiais de refugallo ou eco-sostibles e o enxeño ou capacidade para acadar unha decoración óptima en vivendas que carezan de balcóns ou que, a priori, non reúnan as mellores condicións para participar no concurso, como por exemplo muros; tendo en conta que a ambientación debe ser acorde co Arde Lvcvs.

As persoas que conforman o xurado visitarán o enderezo dos balcóns, ventás e fachadas para a valoración, e concederán, segundo o seu criterio, os premios que consideren oportunos, reservándose a posibilidade de declarar desertos os que estimen convenientes.

O fallo do xurado será inapelable e farase público en data posterior ao 28 de xuño.

Para facilitar a tarefa de valoración, solicítase ás persoas participantes que proporcionen, vía correo electrónico a [xuventude@lugo.gal](mailto:xuventude@lugo.gal) algunha fotografía do balcón, ventá ou fachada adornada o día previo ao comezo do período obrigatorio no que deben permanecer decorados (17 de xuño) sen modificacións dende a remisión da fotografía durante o período de exposición.

### PREMIO

Este certame establece tres premios para vivendas:

1. Primeiro premio: 1000 euros
2. Segundo premio: 500 euros
3. Terceiro premio: 300 euros

En canto ás comunidades de veciños haberá un único premio de 600 euros.

O importe dos premios quedará suxeito ás retencións fiscais que marque a Lei.

A data de entrega de premios comunicarse con antelación ás e aos gañadores.

### DISPOSICIÓN FINAIS

Ao presentarse a este concurso, cada persoa participante manifesta a aceptación total das bases do certame. Así mesmo autorizan que as fotografías participantes poidan publicarse en redes sociais do Concello e/ou do Arde Lvcvs.

Calquera incidencia non contemplada nestas bases, que se publicarán en [www.concellodelugo.gal](http://www.concellodelugo.gal) e en [www.ardelucus.com](http://www.ardelucus.com) será resolta pola organización.

Lugo, a 14 de maio de 2020

A Tenenta da Alcaldesa da Área  
de Cohesión Social

Asdo: Ana M<sup>a</sup> González Abelleira

